

CONDICIÓNS PARTICULARES

1- CONDICIÓNS PARA ACCEDER Á TARIFA INTERNET COMPROMISO

Poden acollerse á tarifa **INTERNET COMPROMISO** os usuarios que cumpriren os seguintes requisitos (e os mantiveren durante o período de pertenza a esta tarifa):

- Ser titular do Ingreso Mínimo Vital ou de calquera prestación similar de ámbito autonómico, como a Renda de Garantía de Ingresos (RGI), e acreditarlo axeitadamente coa documentación oficial.
- Achegar certificado de empadramento do titular do Ingreso Mínimo Vital ou de calquera prestación similar de ámbito autonómico, como a Renda de Garantía de Ingresos (RGI), no domicilio onde se instale o servizo de fibra asociado á tarifa.
- Amosar a acreditación de cumprir os requisitos ou chegar a documentación nos puntos de venda físicos de **R**.

R pode solicitar ao cliente a documentación acreditativa que corresponda para comprobar que este cumpre os requisitos de participación, tanto no momento da contratación como durante toda a súa participación no programa. Se o cliente non chega a documentación requirida, poderase instar ao remate da súa participación no programa comunicándollo previamente con 15 días de antelación á data de efecto.

2- BENEFICIOS DA TARIFA

Os clientes que cumpran os requisitos sinalados no punto anterior poderán beneficiarse dunha bonificación de ata un máximo de 20 euros mensuais sobre o prezo final da factura emitida (o máximo da axuda son 240 euros anuais), aplicada sobre o servizo de conexión de banda larga contratado.

É un desconto indefinido sobre o prezo de catálogo da tarifa mentres o cliente manteña as condicións obxectivas para o acceso ao devandito desconto.

A bonificación aplícase sobre o servizo de acceso a Internet con fibra simétrica 500 Mbps que tamén inclúe telefonía fixa.

A bonificación é compatible coa contratación de servizos converxentes a prezo de catálogo.

3- DURACIÓN DA TARIFA

A duración da tarifa é de 12 meses dende a contratación e ten un compromiso de permanencia mínimo de 12 meses en concepto de instalación. En caso de baixa anticipada antes de cumprirse os 12 meses cobraranse unicamente os gastos de instalación.

Transcorrido o período de 12 meses, o cliente beneficiario deberá pórse en contacto con **R** para

renovar a documentación que acredita que continúa cumprindo coas condicións específicas de acceso á bonificación.

Caso de non achegarse a documentación acreditativa do cumprimento das condicións no prazo de 15 días dende o vencemento dos 12 meses, **R** poderá cancelar a tarifa e pasarán a aplicarse os prezos de catálogo vixentes nese momento.

4- COMPATIBILIDADE CON AXUDAS OFICIAIS

Esta tarifa é compatible con axudas oficiais concedidas polas administracións públicas para o acceso a Internet, por exemplo a axuda do Bono Dixital.